



Procesión do Corpus Christi

A procesión do Corpus Christi en Ferrol tivo este ano como novidade que se portou a Custodia

sobre trono, concretamente enriba do da Virxe da Mercé. As cinco confrarías colaboraron de

novo coa Diócese nesta celebración, que estivo presidida polo bispo García Cadiñanos. •

Pax. 4

A Virxe das Angustias brillou na súa festividade polo barrio de Esteiro

A Virxe das Angustias brillou o pasado día 15, no domingo da súa festividade, na tradicional saída polo barrio de Esteiro. A patroa estivo unha vez máis acompañada da música da banda do Terzo Norte e de numerosos fieis, na eucaristía e na procesión. •

Pax. 4



En marcha as eleccións para renovar a presidencia da Xunta de Confrarías

O bispo dicesano, Fernando García Cadiñanos, abriu a comezos de xuño o proceso electoral para elixir unha nova presidencia da Xunta de Confrarías da Semana Santa. A previsión é que a finais de agosto estea tomada a decisión e que en setembro se produza

o cambio. César Carreño completará nesa data dous mandatos á fronte da entidade. A Delegación Episcopal de Liturxia e Confrarías dirixe o proceso, no que irmáns maiores e presidentes das cinco confrarías votarán a terna que se someterá ao criterio do bispo. •

Pax. 3

Unha Semana Santa que vivimos máis de portas para dentro

Pax 2

A Mercé convocou o concurso para elixir a imaxe do cartel de 2026

Pax 5

A Orde Terceira someteu a unha limpeza á talla da Soidade

Pax 6

A procesión da Virxe do Carme sairá este ano da igrexa de Dolores

Pax 7

A choiva puxo coto á maior parte das procesións e a Paixón viviuse dentro

A Semana Santa de 2025 en Ferrol terá un recordo infausto por mor dese factor tan importante que escapa das mans das confrarías: a choiva. Saíron ás rúas nove procesións, as do Domingo de Ramos, Martes e Mércores Santo, e suspendéronse todos os restantes percorridos agás a cerimonia do Desencravo e o Santo Enterro que se desenvolveron no interior dunha concatedral de San Xiao ategada de xente.

Foi unha Paixón, máis ca nunca, vivida dentro de portas, tanto nos templos como nas redes sociais. Ambos espazos, no real e no virtual, estiveron especialmente transitados.

Así, en lugar de desfilar as imaxes por diante dos fieis foron estes os que percorreron os templos para visitalas e dicirlles as súas pregarías. As irmandades reprogramaron actos litúrxicos nas sedes canónicas, tras cada saída frustrada, e segundo avanzaba a semana as funestas previsións meteorolóxicas foron deixando menos esperanzas acendidas.

A igrexa de Dolores, que reabriu despois de sete anos pechada por obras, tivo milleiros de visitas. Os fieis entraban polo corralón para ver as



imaxes preparadas nos seus tronos e pasaba despois, pola porta recuperada, ao interior do templo. Cómpre apuntar que a choiva, que caeu sen tregua a partir do Xoves Santo, permitiu as dúas estreas de imaxes o Martes Santo: a do Cristo da Boa Morte e a da figura de Caifás, que acompañou a

Xesús da Columna, aínda que esta procesión rematou ás presas pola irrupción dunha chuvizada.

Esa Paixón que non puido estar nas rúas tivo tamén un seguemento moi destacable nas redes sociais. A canle de Youtube da Xunta de Confrarías, na que se emiten os streamings, supera xa os 2.700

subscritores e as emisións deste ano sumaron máis de 105.000 visualizacións. As publicacións en Facebook chegaron a 533.000; en Instagram a 596.000 e máis de 2.500 persoas estiveron ao fío da canle de Whatsapp para coñecer as últimas novidades.

Cada Semana Santa significa un importante empuxón no número de seguidores dos perfís da Xunta de Confrarías nas redes sociais, aínda que estes están activos durante todo o ano.

A entidade promociona a Paixón ferrolá en Facebook, Instagram, X, TikTok e a canle de Youtube, e suma en todas estas canles preto de 18.000 seguidores. •

"A Xunta de Confrarías dá unidade, orde e voz a unha celebración que é de todos"

César Carreño Yáñez, presidente da Xunta de Confrarías desde 2014, deixará o cargo en setembro, cando culmine o proceso electoral e tras deixar o seu retrato no cuarto posto da galería de presidentes da entidade. Nestas datas de moita actividade, tanto pola súa faceta docente como polo traballo de deixar todas as xustificacións da última Semana Santa listas, contesta con dilixencia e brevidade unhas preguntas para o PaixónxFerrol.

► *Asumiches a presidencia da Xunta estando xa dentro dela como irmán maior da Mercé. Pese a que non chegaches de novas, houbo cousas que che sorprenderon?*

► Si, xa coñecía moito, pero a presidencia dálle outra perspectiva. Sorprendeume o volume de traballo que require coordinar a todos, e a entrega constante de persoas que, sen facer ruído, manteñen viva esta tradición.

► *A que lle adicaches máis esforzo, cales foron os logros?*

► Esforceime en mellorar a comunicación interna e externa e en



consolidar a unión entre confrarías. Conseguimos (todos) avances coma a creación do Museo da Semana Santa, un fito moi importante, e a plena incorporación da muller a todos os terzos e confrarías, sen o máis mínimo problema, con naturalidade e respecto.

► *Dinos que foi o mellor e o peor destes anos á fronte da Semana Santa.*

► O mellor, sen dúbida, foron as persoas que atopei polo camiño: comprometidas, entusiastas

e xenerosas. Tamén ver como a nosa Semana Santa segue medrando e consolidándose. O peor, a pandemia, que interrompeu todo e obrigou a reconstruír desde o silencio e a incerteza.

► *Coméntanos o valor que ten a Xunta de Confrarías como órgano de coordinación.*

► É fundamental. A Xunta dá unidade, orde e voz común a unha celebración que é de todos e para todos. •

Proceso para elixir á persoa que ostentará a presidencia

O bispo diocesano, Fernando García Cadiñanos, asinou e publicou o pasado día 29 de maio o decreto de convocatoria do proceso electoral para renovar a presidencia da Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol.

A Delegación Episcopal de Liturxia e Confrarías establece a normativa do proceso, que vai seguir os seguintes pasos. Ata o 30 de xuño está aberto o prazo de presentación de candidaturas, que deben facerse chegar ao delegado episcopal de confrarías por mail -á dirección delegacionliturgia@mondonedoferrol.org. Durante os seguintes 30 días (antes do 30 de xullo), o delegado chamará a cada candidato e manterá tamén encontros individuais cos Presidentes e Irmáns Maiores da cinco confrarías. Antes de rematar agosto, o delegado convocará unha reunión extraordinaria cos Presidentes e Irmáns Maiores para que voten de modo individual e secreto. Despois presentará a terna elixida ao bispo e este procederá ao nomeamento.

O barrio de Esteiro homenaxeou un ano máis á súa patroa, a Virxe das Angustias

O santuario da Virxe das Angustias estivo ategado de fieis o pasado domingo 15 de xuño, na festividade da patroa de Esteiro. Asistiron á misa e seguiron á imaxe da súa devoción na posterior procesión, que como cada ano avanzou acompañada pola unidade de música do Terzo Norte. Sonou a marcha “Angustias Coroadas” cando a antiquísima talla, levando no colo ao seu Fillo, saíu pola porta da igrexa para comezar o percorrido. Ao regreso, nunha mañá solleira, recibiu unha choiva de pétalos e o canto da Salve Mariñeira. Concluían así os



actos que comezaran xa o 6 de xuño coa novena na honra da virxe coroadas.

Nos dous días previos á procesión, a irmandade de Esteiro expuxo a imaxe das Angustias á venera-

ción e recibiu as ofrendas florais das confrarías da Mercé e da Soidade.

A procesión da patroa permitiu a estrea da nova bandeira da Confraría, despois de que a choiva

arruinara a saída do Xoves Santo. Así, a comitiva levaba esta nova tela co escudo da irmandade encargado aos talleres Bordados Barber, da localidade valenciana de Onteniente. A irmandade gardará a anterior, que fóra unha doazón do seu expresidente Jesús Sueiras.

Cómpre apuntar que a confraría celebrou o mes da Virxe coa elaboración dunha cruz floral, unha iniciativa do Grupo Novo que contou coa participación de moitos irmáns. A ofrenda realizouse o día 25 de maio, na misa do confrare. •

A Custodia foi sobre trono na procesión do Corpus

A Xunta de Confrarías involucrouse un ano máis coa Diocese na celebración do Corpus Christi en Ferrol. O bispo García Cadiñanos presidiu a eucaristía que se celebrou en San Xiao e a posterior procesión, na que ían tamén as bandeiras das cinco irmandades. O Grupo Novo da Confraría de Dolores realizou unha alfombra floral no adro da igrexa, coa mensaxe “Mentres haxa persoas hai

esperanza”, lema do día da caridade.

Por primeira vez a Custodia foi portada sobre trono, co que se emprega para a Virxe da Mercé, e a procesión atopou dous altares de culto. O primeiro xa na rúa da Igrexa, presidido por unha imaxe de Santa Teresa e a cargo do recentemente constituido Grupo Sacramental de Fieis e outro na rúa Real, montado pola comunidade do colexio Cristo Rei. •



A Confraría da Mercé abrirá en outubro o prazo para o cartel da Semana Santa 2026

A Confraría da Mercé vai ser protagonista do cartel da Semana Santa de 2026, cambiándolle a quenda á Soidade por acordo entre as dúas irmandades e a Xunta de Confrarías. Celebraranse con elo dúas efemérides: o centenario da apertura da súa sede canónica e da chegada á mesma do Cristo Redentor, talla realizada polo imaxineiro galego José Rivas.

Así, o Cristo Redentor debe ser o motivo da obra que se presente, ben sexa a propia imaxe ou ben o seu trono, actos, insignias, etc. que estean directamente relacionados con ela. Pode concursar unha fotografía ou calquer outro tipo de expresión artística sempre que sexa



reproducibile nun cartel. O prazo para presentar propostas -un máximo

de cinco por autor- estará aberto ao longo de todo o mes de outubro.

Por outra banda, a irmandade mercedaria ten previsto manter aberta a capela de Amboage todas as mañás de xullo e agosto, de 10.30 a 13.30 horas, como xa fixo durante o verán do ano pasado para facilitar a visita aos fieis e, en particular, aos peregrinos.

A Mercé inaugurou este mes de xuño, concretamente o pasado sábado 14, a Veneración e Beixamáns do Noso Pai Xesús da Humildade -na fotografía que acompaña este artigo-. Foi unha xornada de recollemento e oración, durante a que a imaxe tallada pola gaditana Ana Rey tivo aos seus pés a urna do Terzo da Humildade para recoller donativos. •

O Museo da Semana Santa renovou o distintivo Sicted

O Museo da Semana Santa de Ferrol permaneceu por primeira vez aberto este ano varios días entre os domingos de Ramos e de Resurrección, e pechou despois por descanso tres semanas. Reabriu a mediados de maio co seu horario habitual, que se vai manter tamén ao longo de todo o verán:

de martes a domingo, de 12.00 a 14.00h e os sábados e domingos tamén polas tardes, de 17.30 a 20.30h.

Tamén despois da Semana Santa, o museo da Xunta de Confrarías recolleu o distintivo Sicted, un sinal de calidade turística en destino que recibiu por primeira vez en 2023. •



Revista Ecce Homo

No Museo da Semana Santa de Ferrol están disponibles, para recoller de balde por calquera persoa que teña interés, exemplares da revista Ecce Homo deste ano. Na mesma exposición repártense tamén folletos da ruta confrade por Ferrol, un percorrido pola historia da Paixón ferrolá.

A Orde Terceira someteu á imaxe da Virxe da Soidade a unha limpeza da policromía

A Virxe da Soidade, unha das imaxes de maior valor artístico e que máis devoción esperta na Semana Santa de Ferrol, vén de ser sometida a un proceso de limpeza da súa policromía. A Orde Terceira, propietaria da talla desde que a mediados do século XVIII foi doada polo matrimonio formado por José de Benavides e Josefa Bayolo, confiou o proceso á empresa especializada Proarte.

Os terciarios ferroláns investiron nos últimos anos na restauración das imaxes do Cristo da Luz, San Luis, Santa Isabel,

A Confraría da Soidade celebrará eleccións no mes de setembro

San Benito de Palermo e San Expedito, e están actualmente chamando ás portas de diferentes institucións para ver de obter axuda para reparar a cuberta da súa capela.

Noutro orde de cousas, José Evia, actual comisario da Confraría da Soidade, confirmou que está previsto convocar eleccións no vindeiro mes de setembro. •



Dolores organizou unha peregrinación ao templo xubilar de Santo André

Máis de trinta persoas realizaron o pasado día 14 de xuño a peregrinación ao templo xubilar de Santo André de Teixido que organizó a Confraría de Dolores. O grupo tomou un autobús, ás nove da mañá en Correos, para chegar ao punto de partida, a nove quilómetros andado do santuario cedeirés.

Unha vez alí, asistiron a unha eucaristía presidi-

da polo arcepreste de Ferrol, Cándido Otero. Foi unha xornada de encontro e convivencia, na que os participantes, maiores e tamén pequenos, compartiron fe e comunidade.

A Confraría de Dolores confirmou que en breve anunciará o horario regular de apertura e de misas na súa sede canónica da rúa Méndez Núñez. Actualmente, a irmandade



ten un grupo en formación para poder atender convenientemente a igrexa, que

permaneceu pechada durante sete anos polas obras de rehabilitación. •

A procesión da Virxe do Carme partirá na tarde do 15 de xullo da igrexa de Dolores



A Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol celebrará na tarde do vindeiro 15 de xullo, martes, a procesión da Virxe do Carmen. Nesta cuarta edición da saída, desde que se recuperou no ano 2022, o desfile partirá da igrexa de Dolores ás 19.00h e entrará, como sempre, no interior do Arsenal Militar, onde se realizará unha ofrenda floral. O acompañamento musical, que patrocina a Autoridade Portuaria, correrá a cargo da banda Acotaga.

A procesión irá polas rúas Méndez Núñez, Real, San Francisco, Rastro e entrará no Ar-

senal Militar pola porta do Parque. Ao pé do peirao realizarase unha ofrenda floral e, como novidade este ano, a procesión continuará polo interior das instalacións castrens ata o Cuartel de Instrución. A imaxe

O percorrido rematará por primeira vez no interior do Cuartel de Instrución

quedará no seu interior ata o día seguinte, cando será colocada xunto á Cruz dos Caídos para presidir os actos que a Armada celebrará pola

mañá na súa honra. Xa pola tarde, ás 19.00h, a imaxe do Carme sairá de novo en procesión pola Porta da Cortiña, baixo a organización da Autoridade Portuaria e tamén acompañada pola banda Acotaga.

A comitiva, na que participarán as representacións da Xunta de Confrarías e da Armada, embarcará en Curuxeiras para realizar un recorrido pola ría.

Ao seu regreso, a procesión irá ata a igrexa do Socorro, onde estará a Rondalla Añoranzas para poñer música á retirada interpretando a Salve Mariñeira e o Himno Galego. •

Portas abertas nas bandas e agrupacións de música confrade

Como cada ano ao crematar a Semana Santa, as bandas e agrupacións de música confrade de Ferrol voltaron a anunciar que as súas portas están abertas para recibir a novos compoñentes. Todas teñen en común que aceptan nas súas filas a calquera persoa interesada, sen necesidade de ter coñecementos musicais previos. Tampouco establecen requisitos nin límite de idade e, de feito, é habitual que acollan a nenos desde pequenos.

As formacións musicais brindan aos novos intérpretes o instrumento, de maneira que tampouco requiren que a persoa interesada conte a priori con el.

Moitas das agrupacións celebraron ensaios de portas abertas nas semanas posteriores á Semana Santa. Porén, cómpre apuntar que o prazo de entrada está aberto todo o ano. Na páxina web da Xunta de Confrarías -semanasantaferrrol.com- está colgada unha relación das formacións e datos de contacto de todas elas.

A Semana Santa que lucíu a cuberto nos escaparates do comercio ferrolán



Parte da Semana Santa deste ano 2025 tivo que quedar na casa pola choiva. Si luciron un ano máis as reproducións de imaxes, capuchóns e mesmo igrexas nos escaparates de moitos comercios da cidade, aos que desde aquí aproveitamos para agradecerlles o seu apoio. Cómpre lembrar en particular o escaparate de La Casa del Fumador, no que cada ano é máis detallada a recreación da procesión de Nosa Señora dos Cativos, cos confrades de ganchillo de Susi Pantín -@deangelyca_ganchillo- e as maquetas de Carlos Macías.

Baixo a fotografía do citado escaparate aparecen aquí -de esquerda a dereita- detalles dos da Mercería Greda, Novalux Óptica, a boutique MyL e a farmacia Julia Prieto. A todos queremos expresarlles o agradecemento da Xunta de Confrarías por contribuír a ambientar a cidade na súa Semana Grande.